Tarifa de comisións, condicións e gastos **repercutibles a clientes**

En vigor desde 01.10.2024

EPÍGRAFE 01. COBRAMENTO, DEVOLUCIÓN E RECLAMACIÓN DE EFECTOS. ANTICIPO E DEVOLUCIÓNS SOBRE A CESIÓN DE CARGOS DOMICILIADOS SEPA.

COMISIÓNS SOBRE O COBRAMENTO, DEVOLUCIÓN E RECLAMACIÓN DE EFECTOS. Letras de cambio, notas promisorias e outros efectos de comercio, tomados en negociación, xestión de cobramento ou para a súa compensación (véxanse as notas 1, 2, 5 e 21).

COMISIÓN					
ESPECIFICACIÓN	POR EFECTO	%o SOBRE NOMINAL DO EFECTO	MÍNIMO POR EFECTO	MÍNIMO GLOBAL POR EFECTO (véxase a nota 18)	Servizo de comunicación por correo en papel
	Euros		Euros	Euros	
1. Gastos de estudo e clasificación, para aplicar sobre o límite (Véxase a nota 10)		10,00	150,25 (en función do límite da liña)		
2. Negociación ou desconto de efectos (Véxase a nota 6)					
2.1. Efectos domiciliados aceptados		7,00	7,51	7.51	Véxase a nota 7
2.2. Efectos domiciliados sen aceptar		10,00	7,51	7.51	"
2.3. Efectos non domiciliados		15,00	15,03	7.51	"
3. Efectos en xestión de cobramento ou para a súa compensación (Véxanse as notas 3 e 6)					
3.1. Efectos domiciliados aceptados		7,00	15,03		Véxase a nota 7
3.2. Efectos domiciliados sen aceptar		10,00	15,03		"
3.3. Efectos non domiciliados		15,00	15,03		"

4. Devolución ou reclamación de efectos xirados sobre calquera praza (Véxanse as notas 11, 12, 13 e 14)		60,00	18,00		Véxase a nota 7
5. Xestión de aceptación a pedimento do cliente (Véxase a nota 4)		1,00	12,02		----
6. Comunicación de incidencias (Véxanse as notas 8 e 12)					
6.1 Por cada modificación de vencemento (Véxase a nota 17)		1,00	20,00		Véxase a nota 7
6.2 Resto de modificacións sobre efectos (Véxase a nota 8)	20,00	----	----		Véxase a nota 7
7. Compensación de efectos físicos, a pedimento do cedente (Véxase a nota 9)		2,50	9,00		Véxase a nota 7
8. Comisión por xestión de reclamación de posicións vencidas (Véxase a nota 18)	30,00				----

COMISIÓNS SOBRE OS ANTICIPOS E DEVOLUCIÓNS SOBRE CARGOS SEPA FINANCIADOS (Véxanse as notas 19, 20, e 21).

COMISIÓN					
ESPECIFICACIÓN	POR EFECTO	%o SOBRE NOMINAL DO EFECTO	MÍNIMO POR EFECTO	MÍNIMO GLOBAL POR EFECTO (véxase a nota 18)	ENVÍO
	Euros		Euros	Euros	
9. Gastos de estudo e clasificación, para aplicar sobre o límite (Véxase a nota 10)		10,00	150,25 (en función do límite da liña)		----
10. Xestión de cobramento con anticipo (Véxase a nota 19)					----
10.1 Créditos con pagamento domiciliado (Nota 20)		7,00	7,51	7,51	Véxase a nota 7
11. Devolución/Reclamación de créditos non cobrados e xestión da cancelación do financiamento (Véxanse as notas 11 e 12)		60,00	18,00		
12. Comunicación de incidencias (Véxanse as notas 8 e 12)	20,00				Véxase a nota 7
12.1 Por cada modificación de vencemento		1,00	20,00		Véxase a nota 11

12.2 Resto de modificacións sobre cargos					
13. Comisión por xestión de reclamación de posicións vencidas (Véxase a nota 18)	30,00				----

NOTA 1 Para o cobramento de documentos en carteira, entenderase por domiciliación bancaria a indicación de que o seu pagamento se ten que facer con cargo a unha conta aberta nunha entidade.
Para iso, seguirase o disposto na Lei 19/1985, cambiaria e do cheque, sobre domiciliación de letras de cambio que será aplicable a calquera documento de cobramento.

Para os efectos desta tarifa, considérase:

a) Efectos domiciliados aceptados:

Son aqueles que, reunindo os requisitos de domiciliación segundo se definen na letra b) seguinte, conten, ademais, coa aceptación asinada do librado, precisamente no lugar reservado á aceptación, ou a sinatura do librado no anverso do propio documento.

b) Efectos domiciliados sen aceptar:

Son aqueles que, no momento da súa cesión, teñen designado para o seu pagamento, no lugar reservado no corpo do título para a domiciliación, o nome dunha entidade, oficina desta e número ou código de conta en que deberá ser cargado o importe do efecto, non contando coa aceptación do librado. Os efectos con simples indicacións ou mencións de "último tedor", "preséntese polo banco...", "banco recomendado..." ou equivalente, non se considerarán domiciliados.

NOTA 2 Para os efectos desta tarifa, os recibos ou documentos análogos que correspondan a transaccións comerciais ou vendas adiadas terán a consideración de letras de cambio e quedarán suxeitos ás súas EPÍGRAFES 01.- e 02. As notas promisorias considéranse suxeitas, igualmente, ás epígrafes 01.- e 02.

NOTA 3 Considerarase incluído no punto 3.1. desta EPÍGRAFE, para os efectos de aplicación de comisións e gastos, o cobramento de certificacións por execución de obras, subministracións ou servizos, lotaría premiada e quinielas, a excepción das certificacións por execución de obras, subministracións ou servizos non domiciliados, ás que se aplicarán as comisións e gastos previstos no punto 3.3.

En certificacións de obra, subministracións ou servizos, cando se efectúe a xestión de toma de razón, cobrarase, por este servizo, unha comisión do 1 %o, mínimo 12,02 euros, que se percibirá no momento da xestión, ou coa liquidación dos gastos de negociación, ou de xestión de cobramento.

NOTA 4 Percibirase polo importe de cada efecto, sempre que non sexa consecuencia obrigada do artigo 27 da Lei cambiaria e do cheque (19/1985).

NOTA 5 Cando o vencemento sinalado no efecto coincida cun día festivo, de conformidade coa Lei cambiaria, enténdese como vencemento o primeiro día hábil seguinte. Cando o vencemento sinalado no cargo financiado coincida cun día festivo, enténdese como vencemento o primeiro día hábil seguinte.

NOTA 6 Efectos con trámites especiais:

A) Os efectos que, ao abeiro do artigo 6º da Lei cambiaria e do cheque, devindiquen xuros a cargo do librado serán liquidados na súa entrada ou negociación, polo seu nominal, de acordo con esta EPÍGRAFE 01. Unha vez efectuado o cobramento, a entidade cobradora realizará o aboamento dos xuros á entidade tomadora, para o aboamento ao cedente coa dedución da comisión de transferencias correspondente á EPÍGRAFE 06

B) Nos efectos en que, ao abeiro do artigo 44 da Lei cambiaria e do cheque, haxa que efectuar máis dunha xestión de cobramento, practicarase unha liquidación complementaria a cargo do cedente, que conterá:

- Unha comisión por cada xestión de cobramento posterior que se efectúe.
- Os xuros desde o día do vencemento sinalado no efecto ata o día de pagamento.

NOTA 7 Polo servizo de comunicación por correo en papel cobrarase unha comisión de 1 € por cada efecto e/ou cargo financiado.

NOTA 8 Por cada incidencia de carteira, salvo no caso establecido na nota 17, percibirase a comisión por efecto e/ou cargo sinalado. Considerarase incidencia, neste contexto, toda modificación sobre o estado e datos do efecto ao entrar na carteira para negociación ou xestión de cobramento, ordenada polo cedente.

Nos casos de modificación do vencemento ou data de pagamento, cobrarase unha comisión por cada modificación, ademais das establecidas, segundo corresponda, nos puntos 2 e 3 desta epígrafe, o 1‰ sobre o importe da letra, recibo ou certificación, mínimo 20,00 euros, que se percibirá no momento da modificación.

NOTA 9 Cando un cliente cedente solicite que se presente fisicamente un efecto ao librado, procedente de desconto ou xestión de cobramento e que corresponda incluír nos sistemas de compensación electrónica, percibirase, ademais das comisións previstas nos puntos 1 e 2, a comisión do apartado 7 por comisión compensatoria.

NOTA 10 En concepto de comisión de estudo, en liñas de desconto, xestión de cobramento ou renovacións percibirase o indicado sobre o límite da liña.

NOTA 11 En caso de que, como resultado da negociación ou xestión de cobramento, algún efecto resultase non-pagado, a estes aplicaráselles, ademais das comisións previstas nos puntos 2 e 3 desta EPÍGRAFE, as consignadas na EPÍGRAFE 02.- referentes a xestión de protesto e xestión de declaración de impagamento (puntos 2 e 3).

Ás operacións que se tomen para a negociación, xestión de cobramento ou compensación de cargos SEPA financiados seranlles de aplicación as comisións especificadas no punto 11 desta EPÍGRAFE. No caso de que estas operacións estean afectadas tamén por outra EPÍGRAFE, o banco só percibirá polos conceptos do punto 11 as cantidades ou porcentaxes desta EPÍGRAFE 1.

NOTA 12 No caso de reclamación anticipada do efecto e/ou cargo se se recibise no banco 15 ou máis días antes do vencemento, aplicarase a comisión por incidencias dos puntos 6 e 12 desta EPÍGRAFE. En caso de que se recibise con menos de 15 días antes do vencemento, aplicarase a comisión de devolución ou reclamación de efectos dos puntos 4 e 11 desta EPÍGRAFE.

NOTA 13 Todas as devolucións que deban realizarse de efectos recibidos por soporte ou interconexión deberán canalizarse necesariamente por eses sistemas de intercambio.

NOTA 14 Os efectos pagados polo librado no banco tedor, unha vez feita a devolución polo banco de domiciliación, ante a xestión por cámara de compensación ou remesa para compensar en prazas onde non exista cámara, considerararanse non-pagados aos que procede liquidar as comisións do punto 4 (Devolución ou reclamación de efectos) da presente EPÍGRAFE.

NOTA 15 Cando o cliente solicite a cuñaxe de efectos, notas promisorias ou recibos, percibirase unha comisión de 0,15 euros por documento, que se percibirá no momento da súa entrega ou na liquidación correspondente.

NOTA 16 Se a cesión de efectos ou xiros para cobramento se substitúe polo sistema de entrega de soportes magnéticos ou telemáticos, coas características técnicas e apoio documental normalizados, deberá efectuar a entrega cunha antelación de 5 días hábiles con respecto á data de aboamento.

NOTA 17 Aplicarase o mínimo global por efecto/cargo financiado se o total que se perciba por xuros e comisións é inferior a este.

NOTA 18 Para compensar os gastos de xestión de regularizacións, cobrarase unha única vez por cada rúbrica (nova posición debedora vencida) sempre que a reclamación se producise efectivamente.

NOTA 19 Este apartado refírese ao servizo de xestión de cobramento con anticipo dos créditos comerciais a través dos cargos SEPA que o noso cliente ordenante teña fronte a terceiros, anticipo mediante financiamento.

NOTA 20 Para os efectos da aplicación desta tarifa, considerararanse créditos con pagamento domiciliado aqueles cuxo ficheiro cumpra os requisitos dos cargos SEPA.

NOTA 21 Así mesmo, percibiranse os gastos de teléfono, télex, etc. xerados.